

ANEXO

Acordo da comisión negociadora do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a recuperación da cláusula de xubilación

A Comisión negociadora do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, na súa reunión extraordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Acórdase recuperar o contido do artigo 42, relativo á xubilación do profesorado laboral, que quedou sen efecto como consecuencia da entrada en vigor do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro. Así, de conformidade co establecido na Lei 21/2021, do 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sostibilidade financeira e social do sistema público de pensións, o artigo 42 queda redactado do seguinte xeito:

A xubilación será forzosa ao cumprir a persoa traballadora a idade de 70 anos, sempre que cumpra os requisitos esixidos para ter dereito ao cen por cento da pensión ordinaria de xubilación na súa modalidade contributiva.

Tendo en conta as peculiaridades da función docente, o persoal afectado poderá elixir voluntariamente a xubilación na data do cumprimento da idade establecida na alínea anterior ou a xubilación á finalización do curso académico no que se produza.

Esta medida vincúlase ao fomento do relevo xeracional e rexuvenecimento do cadro de persoal, á consolidación do emprego temporal e á mellora da calidade do emprego mediante o perfeccionamento profesional.

As vacantes que se produzan por causa de xubilación vincularanse ás medidas de estabilización, promoción e mellora da calidade no emprego que se prevén neste convenio, ou que poidan acordarse no futuro. Estas vacantes serán provistas mediante a contratación de persoal laboral a tempo completo, de maneira que non supoñan unha redución no cadro de persoal docente e investigador das universidades.

A universidade estará obrigada a informar á representación dos traballadores das xubilacións que se produzan.

O persoal que no momento da entrada en vigor deste acordo xa tivera cumprida a idade de xubilación fixada nel finalizará a súa relación laboral ao remate do curso académico vixente.